

Resolución do 15 de xuño de 2020 do Director-Xerente de SEAGA, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Capataz resultante dos períodos de actualización de listas, convocados por resolucións do 20 de setembro de 2019 (DOG 01 de outubro de 2019) e do 30 de xaneiro de 2020 (DOG 06 de febreiro de 2020) pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as nesta categoría.

Por resolución do 05 de xuño de 2020 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobouse e fíxose pública a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría profesional de Capataz, resultante dos períodos de actualización de listas convocados por resolucións do 20 de setembro de 2019 (DOG 01 de outubro de 2019) e do 30 de xaneiro de 2020 (DOG 06 de febreiro de 2020). Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Capataz, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2019.

Segundo.- Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.

Facer pública a lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Capataz, resultante dos períodos de actualización de listas convocados por resolucións do 20 de setembro de 2019 (DOG 01 de outubro de 2019) e do 30 de xaneiro de 2020 (DOG 06 de febreiro de 2020), trala resolución das reclamacións efectuadas, que figura publicada como ANEXO, na que os/as candidatos/as figuran por orde do D.N.I, co/s perfil/is profesional/is, ámbito/s territorial/is e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

Santiago de Compostela, a 15 de xuño de 2020.

O Director-Xerente

Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira.